



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

EXPTE: 279/143

EDICTO

Formulada a Conta Xeral do Concello de Vigo, conformada pola conta da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao ano 2023, rendida por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 7 de maio de 2024 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 20 de maio de 2024, expónse ao público cos documentos que a xustifican, por un espazo de quince días hábiles, contados a partires do seguinte ao da inserción do presente edito no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, ao obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinar a documentación e formular reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes durante o devandito prazo conforme ao que se preceptúa no artigo 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, no enderezo electrónico, <https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/exposicion.jsp?id=0> e nas dependencias do Servizo de Contabilidade.

LG/

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira
Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 27/05/2024 09:05 | Páxina 1 de 1 |
| 279-143 | CSV: A5A547-8CA5CC-4353C8-PK8LD4-L9XC2F-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |